

Expediente núm.: 370/2022

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Selección de persoal laboral temporal para o Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM) 2022 – 2023

Categoría profesional: Asesor/a psicolóxico

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Contratación de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM) 2022 - 2023, na categoría profesional de (1) **Asesor psicolóxico**.

Antecedentes

1. Tramitouse o correspondente expediente para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, dun/ha (1) asesor/a psicolóxico para a obra / servizo “Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM) 2022 – 2023”, cuxas bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 04 de marzo de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 09 de marzo de 2022.
2. Con data 04.10.2022 dítase Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0788 cuxo asunto é “Actualización da quenda de reserva ao abeiro da selección de persoal laboral temporal para o Centro de Información á Muller (CIM) 2022 - 2023, na categoría profesional de (1) Asesor/a psicolóxico”, que establece o que copiado literalmente di:

“Primeiro.- Actualizar a quenda de reserva para os efectos oportunos, establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexen a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Centro de Información á Muller (CIM) “Padre Feijoo” de titularidade municipal para o ano 2022 – 2023 na categoría profesional de “Asesor/a psicolóxico” (artigo 12):

	APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	MÁSTER OU POSGRADO	COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	TOTAL VALORACIÓN MÉRITOS	PROBA DE COÑECEMENTOS	PROBA DE GALEGO	TOTAL CONCURSO - OPOSICIÓN
1	Núñez González, Ana María	7739	4,00	2,00	1,00	0,00	7,00	11,60	Exento	18,60
2	Varela Tato, Alba	9062	4,00	1,40	1,00	0,00	6,40	10,40	Exento	16,80
3	Mora Jauregualde, María	1626	3,80	2,00	0,00	0,00	5,80	9,60	Exento	15,40
4	González Freire, Mónica	5122	4,00	2,00	0,00	0,00	6,00	8,80	Exento	14,80
5	De Brito Duarte, Casandra	2740	0,00	0,20	1,00	0,00	1,20	6,80	Exento	8,00

Así mesmo, informaráselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.”





Vista a tramitación do expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación do/a seguinte aspirante para o posto de traballo de asesor/a psicolóxico para a obra / servizo "Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM) 2022 – 2023" e que figura na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0788 de data 04.10.2022 por orde de puntuación:

- Ana María Núñez González, con DNI núm. █████7739████

Segundo.- Contratar ó/á antedito/a aspirante para o período comprendido entre o 07 de outubro de 2022 e o 06 de abril de 2023, indicando que a dita contratación temporal ten por obxecto prestar os servizos recollidos no artigo 1 das ditas bases de selección.

Terceiro.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción, grupo I, en réxime de dedicación a tempo completo, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Cuarto.- Expor que a duración do contrato por circunstancias da produción non poderá ser superior a seis meses, e extinguirase, previa denuncia de calquera das partes, pola expiración do tempo convindo e non poderá ser prorrogable.

O artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, establece que o convenio colectivo sectorial de aplicación á relación laboral, pode ampliar dita duración máxima, sen que en ningún caso o/os contrato/s poida/n superar o ano de duración nun período de dezoito meses.

Quinto.- Ter en conta que o artigo 12 das Bases que rexen a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Centro de Información á Muller (CIM) "Padre Feijoo" de titularidade municipal para o ano 2022 – 2023, dispón literalmente o seguinte:

"Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas que superaron o dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia dun ano.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado, non superación do período de proba, circunstancias da produción, substitución da persoa traballadora con dereito a reserva de posto de traballo e outras situacións análogas que se poidan producir (baixas, etc)."

Sexto.- O custo salarial dun/ha (1) asesor/a psicolóxico para a obra / servizo "Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM) 2022 – 2023", con contrato por circunstancias da produción, afectaría á aplicación orzamentaria 231.131.23. (Acción social) da área / departamento: (23) Servizos sociais e promoción social, nas contías mensuais seguintes (parte proporcional das pagas extras incluída na retribución mensual):





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

PERSOAL CUALIFICADO DO CIM	TITULACIÓN ACADÉMICA	RETRIBUCIÓN S BRUTAS MENSUAIS (1)	GRUPO DE COTIZACIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG.SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL	TIPO XORNADA %
Asesor psicolóxico	Titulación de grao, ou titulación equivalente, en Psicoloxía	1.940,89	1	8411 A	32,60%	632,73	2.573,62	100 M

(1) Inclúida a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo do 2,00 % sobre as retribucións do ano 2021, aprobado pola Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 (BOE núm. 312 do mércores 29 de decembro de 2021).

Sétimo.- Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación.

Oitavo.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Noveno.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexeron a selección de persoal laboral temporal no Concello do pereiro de Aguiar, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 04 de marzo de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 09 de marzo de 2022 (artigo 12):

	APELIDOS ENOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	MÁSTER OU POSGRADO	COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	TOTAL VALORACIÓN MÉRITOS	PROBA DE COÑECEMENTOS	PROBA DE GALEGO	TOTAL CONCURSO - OPOSICIÓN
1	Varela Tato, Alba	9062	4,00	1,40	1,00	0,00	6,40	10,40	Exento	16,80
2	Mora Jaureguialde, María	1626	3,80	2,00	0,00	0,00	5,80	9,60	Exento	15,40
3	González Freire, Mónica	5122	4,00	2,00	0,00	0,00	6,00	8,80	Exento	14,80
4	De Brito Duarte, Casandra	2740	0,00	0,20	1,00	0,00	1,20	6,80	Exento	8,00

Décimo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Décimo primeiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Décimo segundo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0803 Data: 06/10/2022



Cod. Validación: 8FRFF2M7R7NRJPR336FC6NMT6 | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4